

XORNADA

Camiñando cara a unha economía circular en Galicia

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Mércores, 20 de novembro de 2019



Extraer, producir, usar e tirar... Esta dinámica da economía lineal acadou os seus límites e xa non é viable; cómpre repensar o modelo de produción e consumo cara a un sistema máis sustentable. A resposta pode estar na economía circular, un novo paradigma no punto de encontro entre a economía e a ecoloxía, baseado no principio de pechar o ciclo de vida a imitación da natureza, optimizando o fluxo de materiais, enerxía e residuos.

O seu obxectivo é xerar prosperidade económica ao tempo que se protexe o medio. Para iso cómpre poñer en práctica diversas estratexias, dirixidas a acadar unha produción e consumo sustentables, e a redución da xeración de residuos, procurando que se convertan en recursos, pechando así o ciclo.

A eco-concepción, a ecoloxía, a simbiose industrial, a análise do ciclo de vida, a responsabilidade estendida, a loxística inversa e a posta en práctica das 7R (redeseñar, reducir, reutilizar, reciclar, reparar, restaurar, rexenerar) son termos chave nesta estratexia. Na xornada, ao coidado de María Teresa Barral Silva e María Loureiro García, integrantes da Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade do Consello da Cultura Galega, abordaranse os aspectos esenciais relacionados cos principios e a posta en práctica da economía circular, cun enfoque aplicado a Galicia, presentando iniciativas pioneiras de economía circular levadas a cabo na comunidade galega.

Imaxe da portada: Miguel Silva Barral

PROGRAMA

9:45 horas. Inauguración

10:00 horas

Relatorio

Camiñando cara a unha economía circular en Galicia

María Cruz Ferreira Costa, directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

10:45 horas

Relatorio

Retos e oportunidades da economía circular

Gumersindo Feijoo, vicerreitor de Planificación e Proxección Estratéxica, Universidade de Santiago de Compostela

11:30 horas. Pausa

12:00 horas

Mesa redonda

Modelos produtivos, de distribución e de consumo nunha economía circular

Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas (ANFACO): **Leticia Regueiro Abelleira**, división de Valorización de Subproductos-Economía Circular de ANFACO-CECOPECA.

Vegalsa-Eroski: **Susana Barrachina García**, Departamento de Calidade e Medio Ambiente

Viaqua-Cetaqua: **Alberto Sánchez Sánchez**, xerente Cetaqua Galicia

16:30 horas

Relatorio

Situación actual da economía circular en España

Anabel Rodríguez, directora executiva e vicepresidenta do Patronato de la Fundación para la Economía Circular

17:15 horas

Mesa redonda

O papel das R na economía circular

Deputación de Pontevedra-Plan Compost-Revitaliza: **Carlos Pérez Losada**, asesor do Proxecto

Amigos da Terra, Proxecto Alargascencia: **Patricia Iglesias**, voluntariado

Asociación Profesional de Recicladores de Residuos de Construción e Demolición de Galicia (Arcodega): **Benito García Carril**, director de Comunicación e secretario xeral da Asociación

Cáritas Diocesana, Proxecto ARROUPA: **Isabel Fraga Castro**, xerente de ARROUPA e directora da Fundación Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela

18:45 horas

Conclusións e peche da xornada

ORGANIZA

Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade (CCG)
Consello da Cultura Galega

COORDINA

María Teresa Barral
María Loureiro

LUGAR

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

